

Libros con retranca

Infantil A editora Patasdepeixe apréséntase cun álbum do irlandés Oliver Jeffers sobre como ler

É noticia moi esperanzadora (palabra que escribo a pesar dos tempos facareños que se enxergan no horizonte próximo, e fágoo porque eu confío no País e na súa xente, eles non) a aparición dunha nova editora disposta a poñer nas librerías obras dedicadas aos lectores e lectoras que aman os libros fermosos e a lingua galega. Así que a primeira beizón vai para Patasdepeixe por estaren aí. Longa vida haxa para vós!

Esta editora preséntase cunha obra do ilustrador irlandés Oliver Jeffers: *O increíble neno devorador de libros*, do que existía unha edición en español feita pola editora mexicana Fondo de Cultura Económica, que tamén publicou outros álbums deste ilustrador (*Perdido y encontrado* [2005], *De vuelta a casa* [2008], *Cómo atrapar una estrella* [2005], ...).

Aquí preséntanos una historia que, textual e graficamente, se constrúe nunha páxina que sempre ten como fondo a presenza de referentes das artes gráficas en xeral: libros, páxinas de cadernos con diversos tipos de raiado, anacos de xornal, follas de dicionarios, papeis de debuxo técnico..., que ten como protagonista un neno chamado

Henry, o increíble neno devorador de libros, e o seu antagonista, xaura, os libros. É ben certo que ameazan con nos cansar con libros que teñen como obxectivo a incitación ao consumo de libros. Este asunto como tema literario, que xa é unha pandemia planetaria, non se libera doadamente do seu aire de sermón laico de cuxa eficacia eu son máis ben escéptico. Esta autofaxia pouco achega á creación do hábito lector, que se constrúe, ao meu ver, coas boas obras e non con prédicas, por benintencionadas que estas sexan.

Mais neste caso non se trata dun canto aos libros por si mesmos nin á lectura, sexa do que sexa con tal que sexa moita, senón de como ler. E por aí entra n' *O increíble neno devorador de libros* un vento fresco de retranca que fai deste álbum un verdadeiro acerto de humor e de chiscadelas intelixentes que tanto confortarán ao lector. Teño para min que álbum infantil (este éo) é o lugar de encontro lector entre un adulto e un rapaz coa voz do autor. E aquí o lector máis novo vai ollar ao adulto cun sorriso retranqueiro.

Os múltiples textos (hainos narrativos e hainos informativos) que contén este álbum acompañan unhas

ilustracións de lectura perfectamente adecuadas á comprensión infantil. Páxinas partidas en horizontal xunto con outras unitarias ou, mesmo, dobres, sempre coa presenza de Henry na actitude que o texto anuncia en cada caso, pero non explicita. Liñas de ollada, marcas cinéticas, cromatismos narrativos e outros elementos técnicos, moi ben elaborados e administrados, completan un álbum atinado e que ten un alto valor e interese para o lector infantil.

A todo o anterior hai que engadir o acerto de encomendar a adaptación tipográfica a un dos grandes ilustradores galegos, Óscar Villán. Porque nestes elementos meta-textuais reside unha parte moi importante dos compoñentes visuais e narrativos que lle confiren ao álbum unha abundancia de planos lectores, de elementos de literacidade, que fan del unha obra moi merecente de grande atención.

// Xabier P. DoCampo

O increíble neno devorador de libros
Oliver Jeffers
Patasdepeixe, 2009
32 páx · 12 euros

